



## **Instrucións para o desenvolvemento da convocatoria ordinaria do Bloque de Proxecto Final para alumnos/as de ensinanzas deportivas de Técnico Superior en Fútbol**

### **1. Obxectivos do bloque de proxecto final**

O proxecto final ten como obxectivo comprobar que o alumno asimilou e é capaz de integrar, sintetizar e aplica-los coñecementos teórico-prácticos adquiridos durante o proceso formativo e, en consecuencia, de desempeñar unha actividade profesional no campo propio de técnico deportivo superior.

### **2. Contidos do proxecto**

O proxecto final consistirá na concepción e na elaboración dun traballo monográfico, que versará sobre algún tema vencellado os aspectos técnicos da súa formación. Entre outros:

- Planificación deportiva.
- Xestión deportiva.
- Análise de xogo.
- Proceso ensinanza-aprendizaxe.

### **3. Tipos de proxecto**

O alumnado poderá enmarcar o seu proxecto entre os seguintes tipos de traballo:

- a) Traballo documental de revisión.
- b) Traballo de investigación.
- c) Deseño e aplicación dun modelo de planificación de adestramento.
- d) Proposta e aplicación de procedementos de scouting.
- e) Deseño dun plan de empresa para club deportivo.

A proposta concreta de proxecto será valorada previamente e terá que ser necesariamente aprobada polo titor asignado ó alumno/a.

### **4. Estrutura tipo.**

- a) Título (breve, claro y relacionado con el tema).
- b) Introducción ( contexto, xustificación e obxectivos do traballo).
- c) Métodos (características da mostra/grupo, procedementos e análise estatístico/matemático empregados).
- d) Resultados (presentación con táboas e figuras dos resultados vinculados os obxectivos acadados no traballo)
- e) Discusión (explicación detallada y comparativa dos resultados, aplicacións prácticas, conclusións, limitacións e liñas futuras de investigación)
- f) Referencias bibliográficas (normas APA).

**5. Fases e calendario da convocatoria**

<b>FASE</b>	<b>DATA</b>	<b>OBSERVACIÓNS</b>
Reunión cos alumnos/as	Luns, 11 de setembro ás 10:00 h no aula de fútbol	Informar sobre o proceso
Presentación das propostas sobre o contido do proxecto e solicitude de titor	Ata o luns, 25 setembro (incluído)	Por e-mail, dirixido os profesores dispoñibles para titorizar proxectos (Tomás, Xurxo e Milucho). A proposta deberá incluír: solicitude de titor, o título provisional e unha explicación breve do/s obxectivo/s e método para a realización do traballo.
Valoración das propostas de proxecto final	Mércores, 27 setembro	Reunión de profesores titores.
Comunicación do resultado da valoración das propostas presentadas	Xoves, 28 setembro	Cada titor por e-mail ós alumnos/as solicitantes.
Prazo extraordinario para a presentación de propostas novas ou modificadas	Venres, 29 de setembro e luns, 2 de outubro	Por e-mail, dirixido os profesores dispoñibles para titorizar proxectos (Tomás, Xurxo e Milucho). A proposta reformulada deberá incluír: o título provisional e unha explicación breve do/s obxectivo/s e método para a realización do traballo.
Comunicación do resultado da valoración das propostas presentadas	Mércores, 4 de outubro	Cada titor por e-mail ós alumnos/as solicitantes.
Inscripción na secretaría	Xoves e venres, 5 e 6 de outubro	Na secretaría do IES.
Entrega dos proxectos	Venres, 15 de decembro	Copia dixital por e-correo ós membros do tribunal e depósito dun orixinal en papel na secretaría do IES.
Presentación e exposición oral do proxecto en convocatoria ordinaria.	Luns 18 e martes 19 de decembro	10 minutos de exposición + 10 minutos para resposta ás preguntas formuladas polo tribunal
Publicación das cualificacións	Mércores, 20 de decembro	
Período de reclamacións	Xoves e venres, 21-22 de decembro	



Presentación e exposición oral do proxecto en convocatoria extraordinaria.	3º- 4º semana de marzo de 2018	10 minutos de exposición + 10 minutos para resposta ás preguntas formuladas polo tribunal
--	--------------------------------	---

Enderezo electrónico dos titores de proxecto:

[tomas78@edu.xunta.es](mailto:tomas78@edu.xunta.es) (coordinador de proxecto)

[xurxopena@edu.xunta.es](mailto:xurxopena@edu.xunta.es)

[emiliopintossoto@yahoo.es](mailto:emiliopintossoto@yahoo.es)

### **9. Criterios para a valoración das propostas de proxecto final**

Para a valoración das propostas de proxecto final, a comisión de proxecto terá en conta principalmente o seguinte:

- a) A adecuación da proposta ós contidos abordados na súa formación.
- b) A posibilidade de realización efectiva do proxecto, no prazo existente.

O alumnado cuxa proposta de proxecto non fose aceptada pola comisión disporá dun segundo prazo para introducir as modificacións oportunas ou proceder á presentación dunha nova proposta.

### **9. Avaliación**

O proxecto final será cualificado seguindo a escala numérica 1 - 10 puntos, sen decimais.

Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos, e negativas as restantes.

A valoración do proxecto axustarase os seguintes criterios:

- a) A orixinalidade do traballo.
- b) A viabilidade do proxecto.
- c) Unha estrutura axeitada ó tipo de proxecto.
- d) Presentación axustada ás normas de formato.
- e) Ao emprego dunha linguaxe clara, técnica e fluída.
- f) Unha exposición oral axustada ás normas e ao tempo dispoñible.
- g) A resposta axeitada ás preguntas do tribunal de avaliación.
- h) Revisión bibliográfica completa e coherente.



Para a superación deste módulo de proxecto o alumnado dispón de ata catro convocatorias.

A convocatoria extraordinaria farase o longo do mes de marzo de 2018.

## **10. Normativa de aplicación**

- Decreto 372/2003, do 16 de setembro, polo que se establece o currículo da especialidade deportiva de grao superior correspondente ó título de técnico deportivo superior en fútbol.
- Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.
- Orde do 30 de maio de 2008 pola que se regula a avaliación das ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 48/2009, do 29 de xaneiro, polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en balonmán.

Pontevedra, 11 de setembro de 2017